

## A/S INTEGRACIÓN/S DO/S INEF NA UNIVERSIDADE: DO INEF DE GALICIA Á FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA (1998-2006)

---

*Dr. Rafael Martín Acero[1], Decano do INEF de Galicia (1998–2006). Presidente Conferencia Española de Institutos e Facultades de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.*

**N**a celebración do 20 Aniversario da creación do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEF-G), que aconteceu no seo da Xunta de Galicia (administración do Deporte), queremos recoller algunhas cuestións sobre o proceso da súa integración na Universidade da Coruña (UDC), revisando algúns aspectos aínda pendentes da/s integración/s dos INEFs (Institutos Nacionais de Educación Física) – IVEF (Instituto Vasco de Educación Física) na universidade española.

### MÁIS DE 45 ANOS PARA A PLENA INTEGRACIÓN DOS INEF NA UNIVERSIDADE ESPAÑOLA

En case todos os países europeos a incorporación dos estudos de Educación Física e do Deporte ao nivel superior e á institución universitaria foron tardías, pero non simultáneas. No Estado español estes procesos comezaron na última parte do século XX, e aínda hoxe quedan sen resolver algúns temas como a integración de moitos dos profesores de institucións públicas nos corpos de profesores universitarios, na maioría dos casos, incluso despois de que os seus centros xa se integraron na universidade correspondente.

As causas que orixinaron estes retrasos non afectaron só aos estudos físico-deportivos, xeralmente influíron en estudos relacionados con actividades promovidas desde as estruturas administrativas que precisaban determinados profesionais, como poderían ser os casos de técnicos de Náutica ou de Turismo; tamén lles ocorreu a estudos cunha substancialidade nos seus contidos moi afastada dos referentes universitarios ortodoxos, por exemplo Belas Artes, Música ou Danza. Outros estudos non naceron no seo da Universidade porque o exercicio profesional para o que facultaban tiña un forte compromiso cos intereses do poder político, por exemplo Xornalismo. No caso que nos ocupa, o dos estudos de Educación Física e do Deporte na universidade española, na segunda metade do século XX, puíéronse acumular as tres características: eran estudos a promover desde a administración, que precisaba directamente de técnicos formados (xuventude, deporte, ...), son estudos que posúen uns contidos non ortodoxos,

desde o punto de vista dunha Universidade novecentista e, en España, durante o franquismo, o poder político canalizaba unha das súas accións ideolóxicas principais cos mozos a través dalgunhas das actividades que dirixían eses profesionais: a Educación Física (escolar), o ocio dos mozos (grupos, albergues, campamentos, danzas), e o deporte de competición (xogos escolares). Noutros países do sur europeo estas integracións universitarias déronse en moi diversas situacións e cronoloxías, por exemplo: en Portugal o INEF incorporouse plenamente á Universidade en 1975 mentres que en Italia se produciu xa comezado o século XXI, como os centros da España autonómica de León, Madrid, A Coruña e Vitoria; integráronse antes os de Granada e As Palmas, nos anos 80, e o de Valencia a finais dos 90. Nas integracións máis recentes déronse solucións moi locais, polas transferencias deportivas e universitarias ás CC.AA. e polas limitacións que herdaban estas administracións da carencia dunha política estatal de integración: a lexislación estatal non enunciara a norma, con rango de lei, para a integración dos seus profesores nos corpos universitarios. Así, vimos que, mentres que os estudos e a licenciatura son oficiais en todo o estado desde 1992, algúns centros públicos integráronse na universidade e outros non; os primeiros pasaron por grandes dificultades para logralo, sobre todo en esforzo e sacrificio persoal de equipos de dirección e profesores.

En España a evolución da formación de profesionais da Educación Física e do Deporte na universidade vense considerando en varias etapas (Cadro 1), a partir de diversos estudos e documentos[2].

A primeira etapa, a dos oitenta primeiros anos do século XIX, sería a dos preámbulos, onde existiron algunhas iniciativas na formación de profesores de Educación Física, pero non se consolidaron ante a falta dun sistema xeral de educación obrigatoria, e ante a inestabilidade da presenza da Educación Física entre as materias a impartir na escola pública.

A segunda etapa transcorre entre finais do XIX e o primeiro terzo do século XX. O acontecemento máis importante para esta análise, aínda que resultou pouco trascendental, é que se creou o primeiro centro español de Educación Física no seo universitario, a Escola de E.F, na Facultade de Medicina da Universidade Central de Madrid (1933), que tivo relacións coa Institución Libre de Ensinanza.

A terceira etapa recoñécese durante o transcurso dos anos 40 e 50 (vinte primeiros da ditadura), onde a formación de profesores e profesoras de Educación Física foi materia exclusiva do partido único, a través dunha escola para homes e outra para mulleres, sempre fóra da institución universitaria.

ETAPA	CONTEXTO	FORMALIZACIÓN NA UNIVERSIDADE	INEF DE GALICIA
1ª: 1806/ 1881	Real Instituto Pestalozziano (1806). Existe vontade de introducir a Educación Física na escola (1878).		
2ª: 1882/ 1936	Escola Central de Ximnástica (Lei "Becerra", 1883-1892). Normativa que alterna a obrigatoriedade e a supresión da Educación Física: na escola. Escola C. Militar (1919). Academia Educación Física Generalitat de Catalunya (1936).	- Escola Educación Física da U. Central de Madrid (F. de Medicina, 1933/ relación coa I.L.E.).	
3ª: 1937/ 1961	Asociado á formación política da xuventude e do xénero. Academia N.M. "J. Antonio" ANJA (1941, 1944). Escola Educación Física Feminina "Isabel a Católica" (1941, 1955). Decreto 2.187/1960: título oficial de Profesores de Educación Física.	- Lei de Educación Física (1961): arts 15 a 17 Crean o INEF de Madrid (central e único).	
4ª: 1961/ 1980	Educación asociada á formación política da xuventude e do xénero. E.S.E.F. ANJA (1971). Deporte escolar, para todos e/ou popular nos municipios (1979).	- INEF Madrid (1967). - Lei X. Educación (1970) Menciona a integración do INEF na universidade, e a oficialidade das outras escolas (EE.F Feminina, e ANJA: ESEF). - INEF en Barcelona (1974). - ESEFF e ESEF intégranse no INEF de Madrid (1977/78). - Lei X. Cultura Física e Deporte (1980). Oficializa os títulos de diplomado e Ldo., "equivalentes" a universitarios, en Educación Física.	
5ª: 1981/ 1989	Educación F. Escolar normalizada en EE. Medias. Normalízase a presenza do Pf. de Educación Física no sistema educativo público de EE. Medias (oposicións). Crise do deporte escolar.	- IINEFC Lleida (1882). - INEF-Facultade de Granada (1982). - LRU (1983). - Organismo Aut. INEF Catalunya (1984). - IVEF País Vasco, Vitoria (1986). - IVEF Valencia (1987). - INEF das Palmas (1987). - INEF de Castela-León (1987).	- A Xunta de Galicia crea o INEF de Galicia na Coruña (Outubro, 1986); inicia a súa actividade no curso 87/88).
6ª: 1990/ 2001	Educación Física obrigatoria en Primaria, Secundaria e EE. Medias. Lei do Deporte 1990. Regula asociacionismo, profesionalismo, ... Leis do Deporte de CC. Autónomas. Grandes resultados en XX.OO. de Barcelona 1992 (deportivos e organizativos).	- ÁREA DE COÑECEMENTO -245- Educación Física e Deportiva (1990). - LOXSE (1990): Mestre Especialista en Educación Física (R.D: 1440/1991). - Lei do Deporte (1990): volve a mencionar a integración de estudos e centros. - Primeiro Dtº específico: Dtº Educación Física e Deportiva na U. Granada (1991). - R.D.1423/1992: incorporación das ensinanzas á Universidade. - R.D. 1670/1993: Título OFICIAL "Ldo. CC. A.F. e do D." (incorpórase ao Catálogo:1994). - Curso 1993/94, publicanse no B.O.E. os primeiros plans de estudos despois de título universitario oficial: INEF de Galicia/UDC e Facultade de CC. do Deporte /U. Estremadura. - O título impártese en 9 facultades máis. - Asemblea constituínte e Iº Congreso Asociación Esp. CC. do Deporte (Facultade CC. do Deporte Cáceres, 2000). - L.O.U. (2001): non inclúe a necesaria integración dos Prfrs. de INEF integrados nas súas Universidades. Foi solicitado polos directores de todos os INEF (Galicia, Madrid, Barcelona/Lleida, Castela-León, e IVEF Vitoria), - Intégrase na súa universidade o INEF de Castela-León(2002).	- INEF de Galicia: Iº Promoción (1992). - 10º aniversario do INEF Galicia sae a Iº Promoción Título OFICIAL "Ldo. CC. A.F. e do D." (1996). - INEF de Galicia, "Congreso de Educación Física e D. de Países de Lingua Portuguesa": os vicedecanos e subdirectores de investigación propoñen a creación dunha sociedade científica multidisciplinar: Asociación Española de Ciencias do Deporte (1998).
7ª: 2002/ 2006	Lei Orgánica de Calidade da Educación (2002). Lei Orgánica de Educación (2006).	- Impártese o título en 9 facultades máis. - Intégranse na Universidade os INEF de Madrid (UPM, 2003) e o IVEF do País Vasco (UPV, 2005). - Libro Branco do Grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte: participaron todas as Universidades (22) que imparten a licenciatura, aprobado por maioría absoluta (2004) e pola ANECA (2005). - Anteproxecto de reforma da L.O.U. (2006). Reitérase a solicitude de incluír a necesaria integración dos Prfrs. de INEF nos corpos universitarios.	- 15º aniversario do INEF Galicia: 1.219 egresados, e Congreso Internacional AIESEP (2002). - O INEF de Galicia intégrase na Universidade da Coruña (2004), a UDC crea o Drº de Educación Física e Deportiva. - 20º aniversario do INEF Galicia: 1.634 egresados (2006).

**Cadro 1. Etapas estimadas da relación entre contexto, formación de profesores de Educación Física e formalización universitaria dos seus estudos. Cronoloxía básica do INEF de Galicia.**

A cuarta etapa é onde verdadeiramente se inicia a longa incorporación destes estudos de nivel superior á universidade, a partir dos felices sesenta, en pleno desenvolvemento económico español. A Lei de Educación Física (1961) creou o INEF de Madrid como centro público para a formación de titulados superiores en Educación Física e Deporte, que comezou a impartir ensinanza en 1967/68; abriuse tamén outro centro en Barcelona a partir de 1974. A Lei Xeral de Educación (LXE, 1970) incluíu unha mención sobre a integración do INEF na universidade pública e estableceu a oficialidade das outras escolas existentes (a da Fronte de Xuventudes e a da Sección Feminina), que se fusionaron ao INEF de Madrid (1977/78).

A quinta etapa significou a frustrada integración plena ao sistema universitario. Esta etapa iníciase coa promulgación da Lei Xeral de Cultura Física e Deporte (LXCFD, 1980), que estableceu que os títulos de Diplomado e Licenciado en Educación Física eran “*equivalentes*” aos de nivel universitario. Posteriormente, na Lei de Reforma Universitaria (LRU, 1983), non se incorporou ningunha referencia aos recoñecementos lexislados xa con anterioridade, a saber:

- a integración do INEF (LXE, 1970), e
- a incorporación de títulos de diplomado e licenciado en Educación Física ao catálogo oficial (LXCFD, 1980).

Tampouco incluíu a LRU aos profesores destes centros na longa lista dos que debían incorporarse aos corpos de profesores da Universidade coa súa entrada en vigor.

A sexta etapa desenvólvese a partir de 1990, ano no que se promulgan dúas leis decisivas para a incorporación da formación de profesionais da Educación Física e do Deporte na universidade. A primeira é a LOXSE, que posibilitou a creación do título de Mestre Especialista en Educación Física (diplomado), como especialidade de Maxisterio, e a segunda é a Lei do Deporte (LD) que volve a mencionar a integración dos estudos da licenciatura e dos centros públicos (INEF) que a impartían. No desenvolvemento de tres das leis citadas (LOXSE e LD, 1990, e LRU, 1983), a través de R. Decretos, reguláronse a incorporación das ensinanzas e do título de Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (antes Licenciado en Educación Física) ao sistema universitario formal. Pero ningunha destas leis incluíu [3] os necesarios e xustos mecanismos de integración dos máis de 220 profesores dos centros públicos (INEF); deste modo quedou construído un paradoxo lexislativo, que tampouco se puido resolver na posterior Lei Orgánica de Universidades (LOU, 2001), a pesar de telo solicitado todos os directores

dos centros afectados[4]. Esta iniciativa, que se iniciou no INEF de Galicia, non encontrou ningunha resposta do Goberno[5].

En canto ás etapas do desenvolvemento e a integración universitarias, incluídas as integracións na universidade de: estudos, centros e profesores, nestes momentos deberíamonos de encontrar na que debería ser a última. Podemos considerala como a sétima etapa (2002/2006-07?), na que deberían desenvolverse e/ou consolidarse aspectos tan trascendentais como:

- a) O novo grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, adecuado ao Espacio Europeo de Educación Superior.
- b) A regulación dos sectores profesionais dos nosos Ldos., e a súa relación con outros titulados.
- c) A incorporación definitiva dos epígrafes: Actividade Física e Deporte, ao Plan Nacional I+D (despois do gran impulso do presidente actual do C.S.D., Sr. Jaime Lissavetzky, ao conseguir incluír estes campos na acción estratéxica do Goberno para 2006 e 2007).
- d) O incremento de cátedras de universidade nas áreas de coñecemento de Educación Física e Deportiva e de Didáctica e de Expresión Corporal en todas as universidades (ratio estatutario) onde se imparte o título.
- e) A promulgación, en lei do Estado[6], do mecanismo de integración dos profesores dos INEF nos corpos de profesores universitarios, para superar o actual paradoxo lexislativo (Outubro, 2006).

Recoñecemos a gran dificultade para superar o paradoxo lexislativo estatal vixente, pois están integrados os estudos e o título (catálogo oficial), e, como a lexislación propoñía, fíxose efectiva a integración da maioría dos centros de titularidade pública (INEF, IVEF) nas súas universidades. Pero o Estado non resolveu, e incluso dificultou, a incorporación dos profesores aos corpos universitarios, que accederan ao posto de traballo en virtude de leis do Estado que autorizaban, para estudos equivalentes a universitarios impartidos en centros públicos, a contratar laboralmente os seus profesores, esixindo que non fosen figuras propias dos corpos universitarios (funcionarios: profesores titulares de universidade, de escola, etc., ...). Todos os INEF, ou foron do Ministerio de Educación, ou se crearon pola súa autorización. Todos dependeron das súas respectivas comunidades autónomas, as cales, ao entrar en vigor o R. Decreto (1993) que poñía prazo á integración dos centros nas súas respectivas Universidades, comprobaron a súa imposibilidade competencial para resolver a integración destes profesores nos corpos universitarios, por ser unha competencia exclusiva do Estado (Lei).

Este trato desigual, con respecto a outros corpos de profesores que xa foron integrados *de jure*, levou a que en cada un dos INEF e CC. AA. afectados se optase por fórmulas diferentes, as que encontraron visos de realidade administrativa e política no seo da súa comunidade autónoma e universidade, no momento correspondente.

Nos anos 80 as Universidades de Granada[7] e das Palmas mostraron o camiño da integración a outras, como a de Valencia a finais dos 90, e transformaron as prazas de relación laboral a funcional; ditas prazas foron convocadas por cada Universidade para os corpos correspondentes (Profesores Titulares de Universidade, Profesores Titulares de Escola Universitaria,...).

Xa iniciado o século XXI algunhas universidades (Universidade Politécnica de Madrid e a Universidade de León) lograron convocar prazas no período de excepcionalidade da LOU (procedemento LRU) e resolveuse a integración de parte do profesorado dun modo institucional, a través dun sacrificio e risco persoal dos profesores. O primeiro INEF que se creou (Madrid) púidose integrar con algúns dos seus profesores como titulares de universidade (15, aínda que xa eran todos fixos), e a maioría como laborais (48, contratados pola C. Autónoma). O INEF de León integrouse como facultade e consolidou a maioría dos seus profesores (antes interinos da Xunta de Castela e León) na praza de PTU ao superar o concurso-oposición. O IVEF de Vitoria foi integrado na Universidade do País Vasco (2005) sen que os seus profesores (contratados laborais fixos) fosen asimilados automaticamente a figuras LOU. O INEF de Cataluña (2 centros: Barcelona e Lleida) continúa sendo Organismo Autónomo da Generalitat, e ten adscritos os seus centros á Universidade de Barcelona e á Universidade de Lleida, respectivamente. En Galicia, para a integración do INEF-G na UDC, foise deseñando unha solución tamén singular e complexa, tanto administrativa como politicamente; o modelo de integración pretendeu ser de garantía e xusto, tanto para o futuro do INEF-G como institución pública (dereitos de calidade dos estudantes, desenvolvemento futuro dos estudos e campos de investigación), coma para os 26 profesores que eran contratados laborais fixos e para os 22 interinos. A clave desta proposta, realizada en 1998 polo reitor da UDC (José L. Meilán Gil), estaba na “funcionarización” da relación de postos de traballo dos docentes (ata o 2002 nunca existiran figuras de profesores con contrato laboral na universidade española); esta proposta foi aceptada polos 2 colectivos de docentes e pola Xunta de Galicia[8] (máis adiante resumirase o seu proceso).

Dos profesores dos INEF, centros públicos que non foron integrados nos corpos de profesores universitarios, máis do 90 % son profesores perma-

mentes (laborais fixos ou funcionarios numerarios da administración autonómica); o número elévase a 222[9] (máis do 45% dos profesores desta licenciatura en centros de titularidade pública de todo o estado español); máis do 42% destes profesores ten o grao de doutor:

CC. AUTÓNOMA	TITULAR	TIPO XURÍDICO	INTEGRADOS COMO PTU: Prof. Titular Universidade	NON INTEGRADOS Profesores Doutores	NON INTEGRADOS Prf. Ldo., Enx. Arq.
Madrid	UPM	Facultade	(15, Drs.)	12	36
Cataluña	Generalitat Cataluña	Organismo Autónomo		Barcelona: 16 Lleida: 19	Barcelona: 34 Lleida: 23
Galicia	UDC	Facultade		33	11
País Vasco	UPV	Facultade		15	23

Estes profesores, que non foron integrados nos corpos de profesores universitarios[10], están cos seguintes tipos de contrato:

CC. AUTÓNOMA	ENTIDADE	TIPO DE RELACIÓN	OBSERVACIONES:
Madrid	Comunidade de Madrid	Laboral INEF	48: da C.A. de Madrid. Dependem funcionalmente da UPM, desde outubro de 2003.
Cataluña	Organismo Autónomo	Laboral INEFC	50: do Organismo Autónomo INEFC (Generalitat de Cataluña), centro adscrito á U. de Barcelona.
	INEFC da Generalitat de Cataluña	Laboral INEFC	42: do Organismo Autónomo INEFC (Generalitat de Cataluña), centro adscrito á U. de Lleida.
Galicia	UDC	Funcionarial UDC	44: Corpo Sup. Administración Autonómica (Escala Prof. INEF Grupo "A"). Transferidos á UDC en xaneiro de 2004.
País Vasco	UPV	Laboral UPV	38: Transferidos á UPV desde outubro de 2005.

## O INEF DE GALICIA: CENTRO PÚBLICO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

O INEF-G foi creado en 1986 pola Xunta de Galicia, que acordou coa Deputación da Coruña que se localizase en terreos cedidos por esta, en Bastiagueiro (Concello de Oleiros). Comezou a súa actividade docente no curso 1987/88; a súa primeira promoción de licenciados saíu no ano olímpico español. Foi un centro que, tras algunhas crises de crecemento nos primeiros cursos, sempre tivo unha gran independencia, autonomía e responsabilidade para cumprir as súas obrigas como centro público de educación superior. Ao cumprirse o 20º aniversario da súa creación, formou a máis de 1.600 licenciados ao servizo da sociedade, para o exercicio da profesión que se corres-

ponde con estes estudos: profesor de Educación Física, unha profesión que se exerce sempre como servizo público, sexa en educación estatal ou privada, en rendemento deportivo, na promoción da saúde a través da actividade física ou na organización de actividades ou entidades de ocio deportivo[11].


O INEF-G ten un bo presente na España autonómica, e, a partir da súa plena normalización universitaria, terá un prometedor futuro na Europa dos pobos. O INEF-G, nas probas de acceso, hai moitos anos que superou o paradigma bioenergético; fundamentou a existencia das mesmas na non obrigatoriedade da Educación Física en todos os cursos do bacharelato e adaptándoas aos contidos obrigatorios da secundaria. O INEF-G foi dos primeiros centros públicos na aplicación de cota de acceso para deportistas de alto nivel, para minusválidos e para mestres especialistas en Educación Física. Nas súas instalacións iníciase e perfecciónanse no deporte miles de nenos e mozos todos os anos. É un dos centros con máis superficie en instalacións deportivas, e un dos que oferta máis materias e seminarios de especialidades deportivas. Organiza cursos de postgraao con titulación europea (Máster Europeo en Educación Física), ou con dobre titulación da UDC e a Universidade Técnica de Lisboa (Actividade Física e Saúde, Expresión Artística e Danza). O INEF-G recibe estudantes de: Portugal, Austria, Alemaña, Eslovenia, Chequia, Rumanía, Italia, Cuba, Arxentina, México, Brasil e Colombia.

Organizou en 1998 o Congreso de Educación Física e Deporte de Países de Lingua Portuguesa e A Coruña recibiu máis de 600 profesionais de Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Cabo Verde, Macao e España. En 2002 organizou o Congreso Internacional de Facultades e Escolas de Educación Física e do Deporte (AIESEP), con participación de congresistas de todos os continentes, de 40 países. En 2006 organiza máis de 20 actos para celebrar o seu 20º aniversario; destaca o IVº Congreso da Asociación Española de Ciencias do Deporte.

A comunidade do INEF-G constitúena actualmente uns 1.000 estudantes da licenciatura, máster, postgraos e doutoramento. Na licenciatura a composición dos seus estudantes adóitase definir coas seguintes características:

<b>SEXO:</b>	<i>Homes 70-72% (UDC: 48-49%) Mulleres 28-30% (UDC: 51-52%)</i>
<b>PROCEDENCIA:</b>	<i>Da comunidade autónoma de Galicia: 78-79% Doutras comunidades autónomas: 20-22%</i>
<b>RANGO DE IDADE (O 95%):</b>	<i>Entre 18-25 anos</i>
<b>MATRICULADOS DE 1ª PREFERENCIA:</b>	<i>100%</i>

A orixe/tipo dos estudantes da Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, ata os últimos cursos, supuxo unha gran achega de estudantes de fóra de Galicia e das outras provincias galegas:



### A INTEGRACIÓN DO INEF-G NA UDC (1998-2004)

Entre o ano 96 e o 98 consultouse en diversas ocasións (Cadros 1 e 2) coa Xunta e a Universidade (Xunta Reitora do INEF-G) sobre o futuro administrativo do centro. Demandóuselle ao reitor da UDC a posibilidade de integración do INEF-G na Universidade como centro propio; o reitor J.L. Meilán Gil contestou sen dúbida que “o INEF-G se integraría na Universidade”, pero que deberían ser transformadas as prazas docentes, de relación laboral a relación funcional. Ao mesmo tempo o Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, E. Lamas, manifestou o seu apoio ás decisións do propio centro. O INEF-G aprobou solicitar a integración na UDC e desde entón déronse múltiples pasos para poder situar o centro nas mellores condicións de chegada á Universidade coruñesa. O Consello da Xunta xa homologara o salario ao de Profesor Titular da UDC, incluídos os complementos propios da actividade docente. Desde finais de 1998 tivemos toda a colaboración do reitor Meilán, e do Secretario Xeral para o Deporte, a Xunta superou todas as dificultades para satisfacer a solicitude da UDC con respecto á integración do profesorado. Unha gran maioría de profesores alcanzaron o grao de doutor (multiplicouse por 4 o seu número, de 1998 a 2004). Paralelamente, realizábase a incorporación académica e investigadora, a de xestión académica, e a renovación do Regulamento de Réxime Interno, creándose un só Departamento. Os feitos ratificaron a nosa confianza nas autoridades das que

dependiamos; non poderíamos chegar ata aquí en tan boas condicións sen que se desen todos os requisitos de que gozamos nestes anos, e que tanto beneficiaron á comunidade e ao INEF-G, á Educación Física e ao Deporte de Galicia. As condicións pódense resumir en:

- a) A vontade política de protexer a independencia e autonomía do centro, respectando as súas decisións (Xunta de Galicia e UDC).
- b) A responsabilidade da comunidade do INEF-G con respecto ao seu futuro, demostrada no traballo diario, no uso das liberdades de cátedra, de expresión e de elección. E a permanente colaboración do persoal non docente e dos estudantes.
- c) A estabilidade de moitos anos nos equipos de goberno da administración para o deporte da Xunta, que levou ao apoio, a comprensión e o respecto ao futuro do centro.
- d) O alento, apoio e respaldo permanente desde o claustro[12] da UDC e do seu reitor, tanto na nosa progresiva incorporación académica, como na funcionarización das prazas docentes[13].
- e) A determinación do Conselleiro da Presidencia, Sr. Jaime Pita, e o seu equipo[14], nas fases decisivas do proceso de funcionarización, concluído a inicios de abril de 2003, na Consellaría de Familia, Xuventude, Voluntariado e Deporte.

A funcionarización concreouse a través dunha lei do Parlamento de Galicia (5/2000), a proposta do goberno da Xunta de Galicia e de numerosas normas para a súa aplicación: resolucións, ordes e decretos (Cadro 2). Saíron a concurso-oposición todas as prazas[15], axustadas á lexislación galega e española vixente para a universidade e a función pública[16]. Todo o proceso de funcionarización de prazas, convocatorias, exames e probas, nomeamentos, etc. culminou antes do verán de 2003 (Cadro 2). Pero, como se describiu anteriormente, sen poder superar plenamente o paradoxo lexislativo estatal, que non posibilitaba a integración dos profesores nos corpos universitarios, como ao resto de profesores dos INEF xa citados.

Na nosa opinión, no caso do INEF-G, de non nacer na administración do deporte, coma outros centros idénticos en todo o mundo, non se desenvolvería ata os niveis de calidade docente e de produción investigadora actuais. Puideron ser centros específicos, próximos ás decisións que lles afectaban, e comprometidos co seu desenvolvemento e, ademais, no caso do INEF-G, puidéronse “embridar” algunhas tendencias endogámicas coa utilización da vacina da normalización universitaria, a doses adecuadas, desde anos antes da integración.

ACONTECEMENTOS INEF GALICIA	NORMATIVA INTEGRACIÓN INEF-G en UDC (GALICIA)
A proposta do Consello de Profesores, a Xunta de Centro do INEF-G votou, por maioría absoluta, solicitar a integración do INEF-G na UDC (maio, 1996).	
A dirección do centro acorda co reitor da UDC (J.L. Meilán), e o Secretario X. Deporte da Xunta (E.Lamas) a funcionalización das prazas de profesores na R.P.T. do centro, na Consellaría de Presidencia (decembro, 1998).	
A dirección do centro promoveu diferentes consensos con: os sindicatos, os colectivos de Prfs. fixos e interinos, e o P.A.S. pedíndolle á Xunta de Centro que reiterase a súa vontade de integración na UDC, aprobándose por unanimidade (marzo, 1999).	
O Consello Económico e Social de Galicia aproba, en Comisión Permanente, o anteproxecto da Lei 5/2000, que inclúe a creación da escala de profesores do INEF-G (outubro, 2000).	– Lei 5/2000 do Parlamento de Galicia, crea a escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior, grupo A, da Administración Xeral da Xunta de Galicia (decembro, 2000).
Novo Regulamento de Réxime Interno, crea un só departamento e cumpre coa normativa universitaria e da Xunta (2001).	
<p>Ante escrito do reitor da UDC, o Conselleiro da Presidencia, R. Institucionais e Administración Pública, tramita a: Dirección X. da Función Pública, Inspector X. de Servizos e Secretario X. da Consellaría, a necesidade de concluir o proceso de integración (abril, 2002).</p> <p>No anteproxecto da Oferta Pública de Emprego da Xunta para 2002, só eran incluídas as 26 prazas ocupadas por laborais fixos. Na reunión da mesa sectorial da función pública (24 de maio) incluíronse as 22 prazas cubertas por funcionarios interinos da escala de Prfs. do INEF-G (maio, 2002)</p> <p>O Consello da Xunta aprobou incorporar á Oferta Pública de Emprego os postos de profesores (48) do INEF de Galicia (xuño, 2002)</p> <p>O claustro da UDC, por unanimidade, aproba a Disposición Transitoria Quinta dos seus Estatutos (aprobados por maioría, maio, 2003): ou profesorado do INEF-G "...Para os efectos dos presentes estatutos considéranse equiparados aos profesores titulares de universidade no caso de ser doutores ou a profesores titulares de escola universitaria, do centro no que se presten os seus servizos".</p>	<p>– Resolución que publica o acordo do Consello da Xunta polo que se modificou a R.P.T., transformando os posto docentes de laborais a funcionarias da escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior, grupo A, da Administración Xeral da Xunta de Galicia (xaneiro, 2002).</p> <p>– Orde que convoca 26 prazas a cubrir por concurso-oposición para o ingreso no corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A: laborais fixos (agosto, 2002).</p> <p>– Resolucions: 1ª) pola que se aproban e fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos; 2ª) pola que se aproba e fai pública a relación definitiva de admitidos; e 3ª) pola que se ordena a publicación da proposta de relación de aspirantes que superaron o devantido proceso selectivo, para o ingreso no corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A: 26 laborais fixos (setembro, novembro, 2002; xaneiro, 2003).</p> <p>– Orde pola que se eleva a definitiva a proposta de 26 aspirantes que superaron o proceso de acceso ao corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A (febreiro, 2003).</p> <p>– Orde pola que se procede ao nomenamento como funcionarios do corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A, dos 26 aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde de agosto (marzo, 2003).</p> <p>– Orde que convoca 22 prazas a cubrir por concurso-oposición para o ingreso no corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A: acceso libre (agosto, 2002).</p> <p>– Resolucions: 1ª) pola que se aproban e fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos; 2ª) pola que se aproba e fai pública a relación definitiva de admitidos; e 3ª) pola que se ordena a publicación da proposta de relación de aspirantes que superaron o devantido proceso selectivo, para o ingreso no corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A (outubro, novembro, 2002; febreiro 2003).</p> <p>– Orde pola que se eleva a definitiva a proposta de 19 aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A (marzo, 2003).</p> <p>– Orde pola que se procede ao nomenamento como funcionarios do corpo superior da administración da Xunta de Galicia, escala de Prfs. do INEF de Galicia, corpo superior grupo A, dos 19 aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola orde de agosto (abril, 2003).</p>
Firma do protocolo entre a Conselleira de Familia, X.,V. e Deporte e o reitor da UDC para a integración do INEF de Galicia na UDC (setembro, 2003).	– Decreto Xunta de Galicia de traspaso do INEF Galicia á Universidade da Coruña (decembro, 2003).

## Cadro 2. Cronoloxía, acontecementos e normas legais do proceso de integración do INEF de Galicia na Universidade da Coruña (UDC).

O INEF-G integrouse á UDC coa chegada dun centro dotado de instalacións suficientes, con todo o seu presuposto transferido desde a Xunta, o que permite gozar dun dos cadros de persoal de profesorado mellor dotado en cantidade, calidade e especificidade, 48 postos homologados economicamente a Profesores Titulares de Universidade, cunha produción académica, cultural, técnica e investigadora en niveis que lle auguran un futuro moi competitivo. A Universidade da Coruña, a sociedade de Galicia e os ámbitos do coñecemento e intervención profesional da Educación Física e do deporte de Iberoamérica, Europa e España dispoñen dun centro público de educación superior novo e comprometido, competitivo e produtivo en Oleiros.

Grazas a todos os que axudaron no camiño, desde os inicios do proxecto de INEF-G na Coruña ata hoxe. Esperamos que os nosos fundadores, xestores, administradores, persoal, profesores, estudantes, e egresados se afaguen desta chegada á UDC con prestixio, como símbolo da suma de dous ciclos: o primeiro de case 10 anos de nacemento e crecemento, e o segundo, doutros 10 anos, de desenvolvemento e normalización universitaria.

Agora a administración central non debe retrasar máis o promulgar o mecanismo legal para a integración dos profesores de todos os INEF nos corpos universitarios. A administración autonómica e a da UDC non deben negar as necesarias inversións para este novo ciclo de converxencia plena co Espazo Europeo de Educación Superior: aulas de prácticas, unidades de investigación, etc.

A UDC, co seu reitor José M<sup>a</sup> Barja e equipo á fronte, recibiu o INEF-G como unha Facultade máis, a **FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA**. Agradecemos o seu esforzo en temas de calidade docente, de creación do Departamento de Educación Física e Deportiva, de normalización do profesorado, de servizos, etc., pero recoñecemos que é insuficiente. Este centro precisa un enfoque estratéxico pertinente e incluírse como unha fortaleza da UDC. Xuntos estanse estudando a busca de retornos académicos, sociais, científicos e económicos, a través de prestar servizos, instalacións e actividades. É preciso que esta singularidade se poña en marcha inmediatamente.

A toda a comunidade, parabéns polo traballo ben feito, para a Educación Física e para o Deporte. Para esta facultade (INEF-G), para os seus estudantes, P.A.S., profesores e egresados "*os tempos son chegados*"; tempos de compromiso para desenvolverse e desenvolver, para crecer e facer crecer, coa obriga propia dun centro público e co espírito propio da profesión que sustentamos.

## NOTAS FINAIS

- [1] Nos últimos 5 anos da década dos 90 formou parte do Claustro da UDC, foi membro da súa Xunta de Goberno, da Comisión de Investigación e do Consello Social. Resultou esta experiencia unha aprendizaxe: social, administrativa e política, de gran influencia no seu convencemento e determinación para a integración do centro que, por elección, lle correspondeu xestionar. Resultou elixido director en Xunta de Centro a finais de 1998.
- [2] O primeiro realizouno Piernavieja (1962), aínda que existen outros citados (Hernández Vázquez, Legido,...), pero ningún, polas datas nas que foron redactados, puido introducir os temas da integración, que se atende a presente análise (1998-2006).
- [3] Tivemos moitas reunións cos directores, decanos e profesores de centros integrados e por integrar. Da U. das Palmas con F. Amador, J. Hernández Moreno, J. García Manso, etc.; da U. de Valencia sobre todo con J. Campos Granell (que incluso se reuniu co Consello de Profesores do INEF-G); da U. de Granada con A. Oña e M.A. Delgado Noguera, con quen tomamos clara conciencia do “esquecemento”, ou déficit lexislativo, sobre a integración nos corpos universitarios dos profesores dos INEF.
- [4] Solicitado ao MEC en 2001, Javier Rojo polo INEF Madrid, Joan Carles Burriel por INEFC (Barcelona e Lleida); Joseba Etxebarria polo IVEF Vitoria, Gonzalo Cuadrado polo INEF Castela-León, e Rafael Martín Acero polo INEF-G A Coruña.
- [5] Chegou a debatirse na Comisión de Educación e Ciencia do Senado, no trámite da lei, xa que a solicitude fixoa propia o grupo do Senado Entesa del Progreso, como consta no libro de sesións.
- [6] Solicitado ao MEC en 2006, Javier Rojo polo INEF Madrid, Andreu Camps por INEFC (Barcelona e Lleida); Javier Ruiz de Arcaute polo IVEF Vitoria, e Rafael Martín Acero polo INEF-G A Coruña.
- [7] Despois de integrarse o INEF de Granada na UGR (1988), a maior parte dos seus profesores accederon a prazas PTU por concurso-oposición; algúns dos seus profesores permaneceron coa súa relación laboral.
- [8] O Secretario Xeral para o Deporte, Ldo. en E.F., Eduardo Lamas, xa fixera chegar á Xunta de Centro o seu compromiso de lealdade ao que o propio INEF-G decidise, así consta nas Actas de Xunta de Centro (“...manifestou que está disposto a respectar as decisións que emanen do centro e a non ser obstáculo en ningunha negociación.” Xunta de Centro de 31 de maio, 1996).
- [9] Fonte: Dirección de cada centro.
- [10] En 2006 produciron reunións e enviaron escritos ás máximas autoridades do MEC con representantes de diversos grupos parlamentarios (PSOE, PSC e PsdG, PP e PPG, ERC, BNG), algúns gobernos de CC. AA. e reitores afectados.
- O Deputado nas Cortes pola Coruña, Francisco Rodríguez (BNG), presentoulle preguntas ao Goberno sobre que pensa con respecto á integración dos 222 profesores dos INEF. O Goberno contestoulle que recoñece a falta de previsión ao respecto do colectivo, e que pensa que na reforma da LOU debería ser incluída a solución.

- [11] Deste modo definiu os seus obxectivos e misión o INEF-G, tanto nos seus plans de estudos (1993; 2000) coma no seu plan estratéxico vixente.
- [12] Os temas da integración do INEF-G sempre obtiveron un estimulante consenso. A oposición organizada sempre estivo informada e de acordo en todos os grandes temas.
- [13] Diversos membros dos equipos reitorais colaboraron estreitamente na integración, pero sobre todo foi a Vicerreitora Prfra. Rosa Fernández Esteller (membro da Comisión de Goberno do INEF-G) quen adicou e achegou traballo e solucións a este difícil e longo proceso. Outra contribución resaltable na normalización universitaria do INEF-G, foi de todos os membros do Departamento de CC. da Saúde I (despois de Medicina), por exemplo, entre outros, as súas directoras (Luz González e Rosa Meigide), e os C.U. Javier Cudeiro e Jorge Teijeiro (Vicerreitor e Decano da Facultade de CC. da Saúde, en diversas ocasións), dirixiron programas de doutoramento, teses, participaron en tribunais, etc..
- [14] Ademais da Secretaría Xeral para o Deporte (E. Lamas, R.Brigos,...), entre outros, P. Figueroa (S. Técnico) e J. López Rúa (Director X. da Función Pública).
- [15] Elaborado o primeiro documento que incorporaría á Oferta Pública de Emprego (O.P.E.) da Xunta os postos de profesores do INEF de Galicia, informóuselle ao director do INEF-G, quen detectou que só eran incluídas as 26 prazas ocupadas por laborais fixos, o cal advertiu na mesma conversa, á daquela Directora X. da Función Pública e, posteriormente, ao Reitor da UDC, J.L. Meilán. Os sindicatos son convocados a reunión da mesa sectorial para o 24 de maio e o delegado de persoal por CC.OO., J. Penedo detecta que non se ofertaría a totalidade dos postos de profesorado . Finalmente, despois das xestións do reitor, conselleiro, dirección e sindicatos, o proxecto de O.P.E. da Xunta para o 2002 incluíu as 48 prazas docentes.
- [16] Os tribunais nomeados pola Xunta, a proposta da UDC, foron presididos polo Director da Escola Galega da Administración Pública (EGAP), o catedrático de Dereito Administrativo da UDC, Prfr. Domingo Bello Janeiro. Os formaron catedráticos e profesores titulares de Universidad de diversas áreas de coñecemento: Educación Física e Deportiva, Didáctica da Expresión Corporal, Psicoloxía Social, Medicina (Jorge Teijeiro, Rosa Meigide, Ricardo García Mira, Antonio Oña, Onofre Contreras, Miguel A. Delgado Noguera, Fernando Navarro, Vicent Carratalá,...). Todo o proceso selectivo estivo asesorado tecnicamente polo, daquela, xerente do INEF-G, Sr. Crisanto Lamela.